

MÁXIMOS DE HORAS EFECTIVAS QUE SE PODEN TER EN CONTA POR ANUALIDADE

De acordo co artigo 8 da convocatoria de axudas, todos os custos subvencionables estarán exclusivamente financiados a través da metodoloxía de opcións de custos simplificados. Para o cálculo dos custos subvencionables, o indicador empregado será as horas de traballo efectivo realizado polo persoal que participa directamente nas tarefas técnicas do proxecto subvencionado.

Aplícase, así mesmo, un baremo estándar de custo unitario (BECU) de 28,4 euros por hora de traballo efectivo, cun **máximo de 1.720 horas efectivas para 12 meses**, que se corresponden coa dedicación dun profesional a xornada completa. Os custos subvencionables establécense, polo tanto, como o produto das horas de traballo efectivo realizado polo persoal que participa directamente nas tarefas técnicas do proxecto polo importe do BECU.

Ademais, o artigo 9 establece que:

"2. No caso de pemes poderán subvencionarse os custos de **persoal directivo e xerencial** que realice labores de I+D+i no proxecto cunha **dedicación máxima anual de 1.204 horas efectivas** no total dos proxectos subvencionados con calquera tipo de financiamento. Para estes efectos, só terá a consideración de persoal directivo ou persoal de alta dirección o que se define no artigo 1 do RD 1382/1985.

(...)

4. Non se considerarán subvencionables: b) Os gastos de persoal que non teña relación contractual laboral coa entidade beneficiaria da subvención, agás que se trate de **socios** que traballen baixo o réxime de **autónomos**, que teñan unha **dedicación máxima anual de 860 horas efectivas** no total dos proxectos subvencionados con calquera tipo de financiamento."

Polo tanto, para cada tipo de persoal, o número máximo de horas efectivas que se pode ter en conta para o custo subvencionable, é o seguinte:

- **Persoal non directivo nin autónomo: máximo de 1720 horas en 12 meses (360 días).**
- **Persoal directivo e xerencial (só para pemes): máximo de 1204 horas en 12 meses (360 días).**
- **Persoal socio autónomo: máximo de 860 horas en 12 meses (360 días).**

Por outra parte, o artigo 33.2 da convocatoria establece os prazos de execución e xustificación dos gastos subvencionables, e o artigo 8.5 indica as datas límite de cada anualidade en que se admitirán os custos realizados.

A convocatoria foi modificada pola resolución do 8 de xaneiro de 2026, na que, entre outros, se modificaron os prazos indicados anteriormente.

Así, o artigo 33.2 quedou redactado do seguinte xeito:

a) Prazos de execución:

Períodos de execución dos gastos subvencionables:

Anualidade 2026	Desde	Data da presentación da solicitude e que non sexan anteriores ao último trimestre do ano 2025
	Ata	31 de outubro de 2026
Anualidade 2027	Desde	1 de novembro de 2026
	Ata	31 de outubro de 2027
Anualidade 2028	Desde	1 de novembro de 2027
	Ata	30 de setembro de 2028

O artigo 8.5 quedou redactado nos seguintes termos:

- Para a anualidade 2026 só se admitirán aqueles custos que fosen realizados dentro do período comprendido entre a data de presentación de solicitude de subvención e que non sexan anteriores ao último trimestre do ano 2025 e a data límite de execución establecida no artigo 33.2.a) desta resolución. Para estes efectos, considérase como data de presentación a que corresponde á solicitude do líder da agrupación.

- Para o resto de anualidades, admitiranse os custos realizados dentro do período comprendido entre a data límite de execución da anualidade anterior e a data límite de execución da anualidade corrente.

Tendo en conta o anterior, os prazos máximos que pode abranguer cada anualidade son os seguintes:

- **Anualidade 2026:** desde o 1 de outubro de 2025 ata o 31 de outubro de 2026, **máximo 390 días.**
- **Anualidade 2027:** desde o 1 de novembro de 2026 ata o 31 de outubro de 2027, **máximo 360 días.**
- **Anualidade 2028:** desde o 1 de novembro de 2027 ata o 30 de setembro de 2028, **máximo 330 días.**

De acordo con todo o anterior, e tras as dúbidas formuladas por distintas entidades beneficiarias, cómpre aclarar cal é o número máximo de horas efectivas que se poden ter en conta para o custo subvencionable de cada persoa en cada anualidade segundo os tipos de persoal que se describen na convocatoria, e que se indican no seguinte cadro:

Tipo de persoal	Nº máximo de horas efectivas que se poden ter en conta en cada anualidade		
	Anualidade 2026 (máximo 390 días)	Anualidade 2027 (máximo 360 días)	Anualidade 2028 (máximo 330 días)
Persoal non autónomo e non directivo	1.863,33	1.720,00	1.576,67
Persoal directivo e xerencial (só para pemes)	1.304,33	1.204,00	1.103,67
Persoal socio autónomo	931,67	860,00	788,33